

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 2**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 23 de FEBREIRO de 2015, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

**1.- Actas anteriores:** (Acta ordinaria do 22.12.2014).

.- Intervención de D<sup>a</sup>. Xulia Alonso Díaz para expor a problemática dos afectados/as pola enfermidade da "Hepatite C". Expte. 1049/1101.

**2.- Declaracións institucionais.**

**3.- Ditames das comisións informativas:**

#### **ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN**

3.1.- Dar conta do Decreto da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus organismos autónomos correspondente ó ano 2014. Expte. 102474/140 (Rexistro Pleno 1044/1101).

3.2.- Dar conta do informe do interventor xeral de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e análise do cumprimento da regra de gasto 2014. Expte. 102476/140 (Rexistro Pleno 1045/1101).

3.3.- Aprobación inicial da Modificación Orzamentaria núm. 9/2015. Suplemento de Crédito. Amortización extraordinaria préstamos concertados nos anos 2010 e 2014. Expte. 29/142 (Rexistro Pleno 1043/1101).

3.4.- Aprobación inicial da Modificación Orzamentaria núm. 10/2015. Crédito extraordinario, para o financiamento das obras dos proxectos de

remodelación e modernización do estadio de fútbol de Balaídos e outros campos. Expte. 30/142 (Rexistro Pleno 1057/1101).

#### URBANISMO

3.5.- Aprobación definitiva do Plan Especial de protección e acondicionamento do Monte da Mina. Expte. 13677/411 (Rexistro Pleno 1047/1101).

#### **4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**

#### **5.- Mocións:**

5.1.- Moción do Grupo municipal do BNG demandando da Xunta de Galicia a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía. Expte. 1056/1101.

5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao goberno da Xunta a atender os arranxos nas estradas da cidade da súa competencia e manter a totalidade dos viais en perfecto estado. Expte. 1059/1101.

5.3.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso coa cidade e dotar orzamentariamente o Plan de Infraestruturas prometido hai seis anos. Expte. 1060/1101.

5.4.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e ó Goberno do Estado a derogación da reforma laboral, a eliminar a discriminación salarial xuvenil e outros acordos complementarios. Expte. 1061/1101.

#### **6.- Asuntos ou mocións urxentes.**

#### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**

1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

**2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**

**3.- Comparecencias de membros da Corporación.**

**4.- Mocións.**

4.1.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a creación do Plan “Vigo industria 4.0” para o apoio e fomento do sector industrial de Vigo. Expte. 1052/1101.

4.2.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a recuperación do programa “Noites Vivas” actualizado ás necesidades da mocidade viguesa no ano 2015. Expte. 1053/1101.

4.3.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a adaptación da escaleira mecánica da rúa II República que permita a utilización as persoas con mobilidade reducida. Expte. 1055/1101.

**4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.**

**5.- Formulación de rogos.**

**6.- Formulación de preguntas.**

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E TRES DE FEBREIRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 19 de febreiro de 2015

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.

ANUNCIO

JRB/am

Vigo, 24 de febreiro de 2015  
O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez

